



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costas de Traba e Vilán. Municipio: Camariñas. Parroquias: O Espírito Santo de Camelle e unha pequena área en Santa María de Xaviña ao oeste. Extensión: 4,34km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa de microcantís, cantís baixos e praias de cantos. A enseada de Xan Ferreiro e Arou forman un gran anfiteatro irregular, por corredores que ascenden polas vertentes seguindo as liñas de debilidade tectónica. A costa é moi recortada, labiríntica con numerosos illotes derivados do retroceso diferencial ante de formas graníticas convexas. Acumulacións areosas no fondo da enseada e no anfiteatro de Lobeiras, ademais dun incipiente sistema de dunas. Chaira costeira ondulada ante os restos da superficie granítica meteorización e erosionada, orixinando suaves formas dómicas e cubetas de alteración. En contacto brusco desenvólvense as vertentes de Santa Mariña, Lazo e Arou. En lo alto destacan formas dómicas acuminadas e con cristas pola erosión do macizo granítico. No extremo occidental, entre Lobeiras e Santa Mariña, a costa é controlada pola rede de fracturas, sucedíndose cristas rochosas, corredoiros deprimidos, puntas e calas. Nas segundas xacen praias de cantos e depósitos de orixe fría.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade está modelada nunha granodiorita biotítica tardihercínica, chamada de Tipo Traba. A fronte da unidade contén depósitos de bloques, cantos e area, cunha pequena área de dunas en Lobeiras.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada cun réxime ombrotérmico Cálido e Húmido. A temperatura media anual supera os 14°C e as precipitacións medias acadan valores entre 1200mm e 1400mm ao ano. A oscilación térmica rolda os 13°C.

OS SOLOS

Solos en xeral pouco evolucionados do tipo regosol na cabeceira da unidade, mentres que na maior parte da vertente fórmanse cambisols dístricos. Arenosais nos pequenos enclaves sedimentarios da fachada costeira.


AS AUGAS

A rede hidrográfica desta unidade adáptase ás pronunciadas vertentes da serra de Pena Forcada. Dos arrosios que a forman destacan tres como principais, dous deles desembocan na praia de Arou: o Carnaval e o da Canle da Fonte; mentres que o arroio de Arou desemboca na praia de Lazo. Cara ao noroeste, nos cantís próximos ao Cabo Veo, predominan as valgas asociadas a arrosios de réxime non permanente. Ambos os dous tipos de cursos fluviais verten á masa de Augas Continentais de Cabo Veo (20135).

O PATRIMONIO NATURAL

Parte occidental pertencente ao LIC Costa da Morte e toda a unidade ao IBA Costa da Morte. O modelado granítico e afloramentos determinan a distribución e tipo de hábitats. Domina o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos e praias de seixos, ademais dunha gran extensión do 1210 de refugallos mariños acumulados. Chaira costeira con afloramentos rochosos e alvéolos, onde hai mato seco costeiro (4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans) algúns tipos húmidos do 4020, breixos húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix, os hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica. Ladeiras e cimas co hábitat de mato (4030) e rochosos. En valgas hai pequenos bosquetes ripícolas (91E0), sendo o caso do alvéolo de Arou. Na enseada de Arou-Xan Ferreiro obsérvanse hábitats 1110, bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda e 1140, chairas areosas ou lamacentas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A cobertura do solo predominante nesta unidade son as formacións vexetais costeiras formadas por arbustos acidófilos de ampla tolerancia aos medios halófilos. Oriándoos, sobre as ladeiras montañosas que delimitan a unidade, plantáronse piñeiros para o seu aproveitamento madeireiro e para mellorar a estabilidade do relevo. Outro tipo de vexetación autóctona crece asociada aos tramos de val menos accesibles: trátase de carballos, arboredo de ribeira e vexetación higrófila. Cando estes vales ensánchase, como no caso do tramo final do arroio Lazo, os seus profundos solos son empregados para a implantación de cultivo e pastos seminaturais. Finalmente, no fondo da enseada de Arou, toma asento o único asentamento de poboación destacable dentro deste espazo, co consecuente espazo contiguo reservado para o aproveitamento agrogandeiro, nas proximidades do areal costeiro. Destacar o uso pesqueiro do porto de Arou que alberga pequenas embarcacións dedicadas á pesca de baixura.

MORFOLOXÍA

A unidade artículase ao redor da enseada de Arou, en cuxo fondo, a partir dun pobo tradicional de pescadores, desenvolveuse o núcleo urbano de Arou. Arou inclúese nos Núcleos de Identidade Litoral pois se trata dun asentamento tradicional de carácter mariñeiro cuxa localización estratéxica no bordo costeiro confírelle unha singularidade que lle fai merecedor dun tratamento específico. Nas súas inmediacións, percíbese un lixeiro crecemento ao oeste, entre as zonas de cultivo. Ao redor da enseada, a costa tórnase agreste e recortada, presentando pequenos illotes rochosos e pequenos portos naturais que, no caso de Praia da Lagoa, foi acondicionado como embarcadorio. Ao noroeste, na praia de Lobeiras, existen tamén unha serie de edificacións vinculadas ás actividades turísticas e pesqueiras, sen chegar a contar cun peirao.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Toda a costa atópase conectada a través dunha estrada que, pasando polo núcleo de Arou, accede ás mencionadas praias de Lobeiras e da Lagoa. Ambas conflúen nunha única vía de acceso principal, a C-1602, que comunica a unidade co interior. A disposición do relevo provoca que os accesos á poboación de Arou sexan reducidos e sigan a dirección dos vales e das ladeiras de menor pendente, de modo que a vía rodada se distribúa a partir da estrada C-1602. Dela parte outra estrada, seguindo en parte o val do arroio de Lazo, que comunica a localidade con Santa Mariña, ao oeste. Nas inmediacións do pobo, ademais do paseo marítimo situado entre este e a praia, a rede viaria bifúrcase para dar servizo ao porto de Praia da Lagoa ao leste, e á praia de Lobeiras ao oeste. Ambas as localizacións, pero principalmente a primeira, albergan pequenas embarcacións de baixura.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Destacan casas e conxuntos de vivendas como exemplos da arquitectura popular, e como vencellamento do patrimonio etnográfico cos aproveitamentos fluviais sobresaes o Muíño de Arou e tamén unha das fontes próximas ao núcleo, no arroio da Fonte. En canto aos monumentos arqueolóxicos, hai que mencionar o túmulo con cámara das Casas Vellas, no sudeste da unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Da man do turismo e das actividades vinculadas ao mar, a unidade mostra unha certa estabilidade poboacional e auxe económico, que se pon de manifesto na construción do paseo marítimo, o acondicionamento dos aparcadoiros na praia de Arou, ou dos accesos e o porto de Praia da Lagoa; o que contrasta co aspecto de cerramento que se deriva da proximidade dos montes da serra de Pena Forcada, e das sinuosas vías de comunicación que determina o relevo.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O aspecto máis destacable desta paisaxe é a existencia dunha plataforma litoral, baixa e chá, que polas súas características configura un amplo miradoiro natural embelecido pola lámina de auga conformada pola enseada de Arou, xa que desde a plataforma é posible apreciar a totalidade de elementos que conforman a paisaxe: océano, costa acantilada, montañas e afloramentos rochosos, vales encaixados e edificacións. Esta é por tanto, a zona de maior valor paisaxístico, incrementado pola apertura dun arco escénico no centro da enseada. Por iso considerouse clave a inclusión dun punto de observación nas proximidades do porto de Praia da Lagoa, que se suma aos designados nos diferentes montes de Pena Forcada que rodean a unidade. A área ademais, conta coa protección que lle outorga a súa catalogación como ZEPVN-LIC e ZEPA da Costa da Morte, derivada dos seus valores naturais.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



